

Edita: Editorial Compostela, Rúa do Príncipe 24, 41500 Santiago de Compostela. Tel: 981543700. Fax: Redacción, 981562396-562706. Administración e Publicidade: 981543701 e 981543864. Depósito Legal: C 887 2003. ISSN: 1696-2389. Santiago de Compostela: 15.24. Rúa do Príncipe 24. Tel: 981543700. Fax: 981543805-981543816. Rax. Loc. Comercial: 981 543832. Delegacións. A Coruña: Rúa de Ferrax, 5. Tel: 981225999-981226012. Ferrol: Rúa do Príncipe 24. Tel: 981 31440. Vigo: Rúa de Ferrax 4. Tel: 982 20714. Pontevedra: Rúa de Ferrax 2. Tel: 986 22257. Pontevedra: Riestra, 32. 5º. Tel: 986 843825. Vilagarcía: Rúa de Ferrax, 17. 1º. Tel: 985 01989. Ribeira: Avda. Malecón, 11. Tel: 981870734. Monforte de Lemos: Rúa de Ferrax 2. Tel: 981 33033. Noia-Muros: Galeirón, 20. Local 25. Tel: 981824218. Fax delegacións: 981 02622. Axencias: cfe, L'Europa Press, O'Kip Press, Iba e Press, AP, JPM Reuters. Editorial Compostela S.A. Todos os dereitos reservados. Este periódico é unha publicación de carácter informativo e de carácter público. Trátase de información que se trata de forma xeral, utilizada para a difusión da cultura e da información. O titular deste periódico non se responsabiliza das consecuencias derivadas do seu uso. Este periódico é unha publicación de carácter informativo e de carácter público. Trátase de información que se trata de forma xeral, utilizada para a difusión da cultura e da información. O titular deste periódico non se responsabiliza das consecuencias derivadas do seu uso.

# A contra :: Xoves . 23 . agosto . 2007

acontra@galicia-hoxe.com

## CRÓNICAS BÁRBARAS



MANUEL MOLARES DO VAL



"Estamos ante a Reconquista Hispánica", advirten en EEUU non só estudiosos e profesores, como Samuel P. Huntington, senón tamén novelistas de éxito, como William W. Johnston, cuxo último libro, *Remember The Alamo* e motivo de mil debates nos medios de comunicación. Hai unha frase para definir o heroísmo, *Remember The Alamo* - Recorden O Álamo-, antigo forte español en San Antonio, Texas, no que no 1836 os colonos anglosaxóns trataron de resistir ó xeneral Santa Anna, que loitaba por recuperar ese territorio que os nacementos Estados Unidos están usurpándoile ó recentemente independentizado México.

A novela de Johnstone (Pinnacle) ten como contexto a crecente influencia hispana nos estados do sur e do suroeste do país, e as demandas dos nacionalistas mexicanos que desexan reconquistar Texas, California e Novo México, especialmente. Na novela, o Goberno texano cede lle O Álamo ó Goberno mexicano como mostra de amizade durante unha semana de celebracións históricas, pero os reconquistadores mexicanos deciden quedar permanentemente. Ante a incapacidade política estadounidense, uns heroes anglosaxóns, xente da rúa, combateron os mexicanos e reconquistaron o territorio. Xa se sabe que en EEUU todo é mercado. Temas así venden. ●

## REPORTAXE


# Asia: millóns de famentos polo monzón

**Millóns de persoas do nordés de India e Bangladesh** loitan por superar a devastación das recentes inundacións que, segundo as últimas cifras, acabaron coa vida dunhas 2.400 persoas e agudizaron aínda máis a pobreza nas zonas rurais.

**As cifras oficiais apuntan a que as choivas monzónicas** deixaron desde o inicio da estación, a finais de xuño, preto de 30 millóns de afectados, pero organizacións humanitarias como Oxfam e Action Aid International calculan que o número é moito maior.

"Creemos que pode ser o dobre. En rexións como Bihar (nordés de India) as choivas empezaron de novo e alagaron áreas que quedaron a salvo das inundacións das últimas semanas. Outra vez vese a moita xente refuxiada nos tellados das súas casas", dixo ante a portavoz de Action Aid India, Alice Wynne Wilson. Só en Bihar morreron unhas 240 persoas desde o comezo do monzón, mentres que os falecidos en toda a India rondan os 1.800; en Bangladesh morreu preto de medio milleiro e en Nepal son ó redor dun centenar.

Action Aid e Oxfam International, dous dos principais grupos que traballan sobre o terreo, advertiron de que as devastadoras choivas agravaron a miseria de miles de xornaleiros que, ó carecer de terras, non recibirán nin unha rupia das compensacións do Goberno a cambio de cada hectárea de cultivo perdida. "Os máis afectados son os que menos recursos teñen. Coas colleitas destruídas, os campesiños que traballan a cambio dun xornal diario non terán traballo durante tres ou catro meses. E como as terras non lles pertencen, non van cobrar nada", explicou Wynne. Tamén de-



Tres nenos xogaban onte nunha rúa inundada de Karachi, Paquistán, onde morreron oito persoas polas chuvias.

## MILLÓNS DE 'SEN TERRA' NON PODERÁN COBRAR INDEMNIZACIÓNS Ó NON TER LEIRAS

tallou que en rexións como Bihar, unha das máis subdesenvolvidas de India e a máis golpeada polas inundacións este ano, centos de miles de vivendas resultaron danadas ou destruídas, pero moitas delas non figuran nos rexistros oficiais, así que os seus propietarios tampouco recibirán indemnización.

Azoutadas pola desgraza, centos de familias dormen estes días nos bordos de camiños e estradas, en moitos casos disgregadas, xa que nas zonas máis pobres "os homes emigran en busca de traballo e son as mulleres as que teñen que cooidar das familias", dixo a repre-

sentante de Action Aid. "Flas resultaron especialmente golpeadas pola traxedia. Moitas atopáronse soas cos nenos e anciáns cando chegaron as inundacións", agregou, antes de recalcar a vulnerabilidade deste sector "desprotexido" da poboación. Segundo Wynne, as informacións sobre as vítimas das inundacións "son a punta do iceberg", xa que aínda están por chegar as consecuencias da desgraza a medio prazo, como o desemprego masivo e a fame negra.

Niso coincide a organización Oxfam, que teme que a reconstrución sexa lenta e laboriosa. "Cando a auga baixa, necesitarase máis axuda da actual para permitirle á xente reconstruír as súas casas e as súas vidas. Falamos de máis de tres ou catro meses, quizais un ano", dixo a responsable do Programa Humanitario para o Sur de Asia de Oxfam, Orla Murphy. Para a re-

presentante desta organización, os maiores retos son "facilitar medios para garantir a sanidade pública e controlar enfermidades como a diarrea".

O responsable en Bangladesh da mesma ONG, Farin Hasan Ahmed, explicou pola súa banda que neste país, un dos de maior densidade do planeta, a poboación comezou a regresar ás súas casas despois de que na última semana as choivas remitiran deixando un panorama desolador.

"Hai necesidades inmensas", alertou Hasan, en referencia ás miles de hectáreas de colleitas perdidas e as máis de 900.000 casas danadas ou destruídas.

O temor da poboación e das autoridades é que as choivas torrenciais regresen no mes de setembro e impidan realizar unha nova sementeira. ● MARIBEL IZQUE